

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE NOVEMBRO DE 2022 POLA QUE SE APROBAN CRÉDITOS ECTS POLA REALIZACIÓN, ORGANIZACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

Por acordo do Consello de Goberno do 10 de outubro de 2016 aprobouse o regulamento de recoñecemento de créditos ECTS por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Atendendo ás competencias atribuídas e ao acordo acadado na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, celebrada o 10 de novembro de 2022, esta reitoría RESOLVE:

Primeiro: A autorización de recoñecemento de ECTS pola asistencia a cursos, congresos, seminarios e outras actividades académicas naquelas titulacións que así o teñan recoñecido nos seus planos de estudo, que se relacionan no Anexo I.

Segundo: Autorizar a modificación que se relaciona no anexo II, correspondente á actividade xa aprobada na sesión anterior.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 22/06/2022 (DOG do 06 de xullo)

Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

(asinada dixitalmente)

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Data de autorización	Horas	Créditos recoñecidos
Axenda 2030. Axentes do cambio	AC2000062	Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade	Quintas Salgado María Henar	Do 10/10/2022 ao 06/11/2022	10/11/2022	30	1
Como elaborar un TFG/TFM en perspectiva Axenda 2030 e CUD	AC2000001	Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade	Quintas Salgado María Henar	Do 01/11/2022 ao 30/11/2022	10/11/2022	30	1
Aula de teatro	AC2200059	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	Torres Vázquez Luis	Do 03/11/2022 ao 23/05/2023	10/11/2022	100	3,3
Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil "Coeducamos?"	AC2200060	Facultade de Educación e Traballo Social	Mociño González María Isabel	Do 04/10/2022 ao 25/10/2022	10/11/2022	15	0,5
Aprendendo Retórica	AC2200061	Asociación de Debate Universitario	Janeiro Catoira, Santiago	Do 01/10/2021 ao 31/08/2022	10/11/2022	Coordinadores: 80	Coordinadores: 2,7
	AC2100022	Retórica				Participantes: 42	Participantes: 1,4
Idea Jam de Silver Economy (Proxecto HEI4Future)	AC2200062	Facultade de Comercio	Cabanelas Lorenzo, Pablo	O 04/11/2022	10/11/2022	7,5	0,3

ANEXO II

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código	Resolución Reitoral na que foi autorizada esta actividade	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración/Modificación nova data	Horas	Créditos recoñecidos
Congreso Valorización e Xestión do Patrimonio Cultural e Medioambiental (Centro de Estudos Chamoso Lamas e a Universidade de Vigo)	AC2200031	17/06/2022	Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e Administración e Filosofía	Ricoy Casas, Rosa María	Anterior: 6/10/2022 ao 08/10/2022 Nova data: 07/10/2022 ao 09/10/2022	Modificación no nº de horas: de 25,5 a 31	Modificación no nº de créditos: de 0,9 a 1

